PARLAMENTO DE GALICIA

Proposta de adxudicación relativa á contratación administrativa do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia.

I. Con data de 29 de xullo de 2015, a Mesa do Parlamento, aprobou iniciar o procedemento de contratación administrativa e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a contratación administrativa do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia.

O 30 de xullo cursouse invitación a tres empresas vinculadas coa actividade que se pretende contratar coas que negociar as condicións de contrato. Unha vez rematado o prazo para a presentación de ofertas, ás 14:00 horas do día 17 de agosto, recibíronse oferta das seguintes empresas:

- *Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L.*
- *Abertal Networks, S.L.*

II. Constituída a Comisión encargada da negociación, procedeu á valoración das proposicións presentadas.

De conformidade co disposto na cláusula décima do citado prego, e unha vez elaborado pola Comisión o informe inicial de valoración, invitouse ás empresas inicialmente valoradas a reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se manteñen nos termos orixinais.

As empresas contestaron que non reformulaban ou melloraban as súas ofertas e que, polo tanto, a mantiñan integramente nos termos inicialmente formulados.

III. Unha vez efectuadas as actuacións anteriores, a Comisión declarou concluída a fase de negociación, e non habendo cambios sobre a valoración contida no "*Informe inicial de valoración sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a prestación do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade*", procedeuse á asignación de puntos segundo os criterios de adxudicación ás empresas concorrentes, e a conseguinte proposta de clasificación.

A puntuación total obtida, sumando a referida ao apartado de criterios de avaliación sometidos a xuízo de valor e os establecidos por aplicación de fórmulas, foi a seguinte:

Empresa	**Criterios sometidos a xuízo de valor**	**Criterios aplicables por aplicación de fórmulas**		**Puntuación Total**
		Prezo	**Horas**	
Abertal Networks, S.L	6,00	6,15	10,48	**22,63**
Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L	21,00	40,00	11,00	**72,00**

PARLAMENTO DE GALICIA

IV. En consecuencia, logo da realización dos trámites legais e regulamentarios procedentes, e do informe favorable da Intervención da Cámara, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 31 de agosto de 2015, adoptou o seguinte Acordo:

1º.- Clasificar as ofertas presentadas na seguinte orde:

1ª.- Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L

2ª.- Abertal Networks, S.L

2º.- Concederlle á empresa clasificada en primeiro lugar, Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L., un prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, para presentar a documentación esixida na base décimo primeira, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas, para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

Dito Acordo foi notificado mediante correo electrónico e recibido pola empresa Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L. o 2 de setembro de 2015.

V. O 10 de setembro de 2015 Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L. presentou no Rexistro da Cámara toda a documentación requirida (rexistro nº 41049), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o depósito en metálico de 2.477,50 €.

En consecuencia, proponse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato administrativo do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia á empresa **Ingenyus, Marketing Inteligente, S.L.**, polos seguintes importes:

Prezo.....49.550,00 €.
21 % IVE .....10.405,50 €.
Total prezo anual..... 59.955,50 €.
Bolsa de horas para desenvolvementos complementarios ..... 105 horas.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015.

Vº e prace
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

PARLAMENTO DE GALICIA

Mesa do Parlamento de Galicia